



BOLETÍN RSU DECEMBRO 2021

UNIVERSIDADE DE VIGO.

UNIDADE DE ANÁLISIS E PROGRAMAS



O congreso desenvolverase de xeito virtual entre o 6 e o 8 de decembro

MÁIS DE MIL ESPECIALISTAS E PROFESIONAIS DEBATERÁN NUN CONGRESO COMO FOMENTAR SISTEMAS LEGAIS CENTRADOS NO BENESTAR DAS PERSOAS

DUVI PONTEVEDRA 02/11/2021

DUVI PONTEVEDRA 01/12/2021

Que tanto a lexislación e os procedementos legais como a súa aplicación estean orientados a acadar o maior benestar posible nas persoas que acoden ao sistema legal é o fundamento da xustiza terapéutica, eixo do congreso internacional que promoven, de xeito virtual, o grupo PS-1 da Universidade de Vigo, a Unidade de Psicoloxía Forense da Universidade de Santiago de Compostela, a Asociación Iberoamericana de Justicia Terapéutica (AIJT) e o Poder Xudicial do Perú. [+info.](#)



A tecnoloxía de realidade virtual permitirá aos usuarios permanecer nunha contorna relaxada

VIGO SERÁ UNHA DAS CATRO PRIMEIRAS UNIVERSIDADES DO MUNDO EN EMPREGAR A REALIDADE VIRTUAL PARA REDUCIR O ESTRÉS E A ANSIEDADE DO ALUMNADO

D. BESADÍO DUVI 03/12/2021

A UVigo será unha das primeiras a nivel mundial en empregar a realidade virtual para reducir a ansiedade e o estrés do alumnado universitario. Farao como socia do proxecto europeo VRxanny, Virtual reality for anxiety and mental stress reduction in university students, un traballo financiado polo programa Erasmus+ con 300.000 euros, liderado pola Universidade Politécnica de Lodz en Polonia e do que tamén forman parte a Universidade de Lodz e a Tartu Ulikool, o centro de ensino superior máis antigo de Estonia. [+info.](#)



325 persoas con diversidade funcional estudaron ou traballaron o ano pasado na UVigo

A UNIVERSIDADE DE VIGO REFORZA O SEU COMPROMISO COA DIVERSIDADE NO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

DUVI 03/12/2021

Un total de 325 persoas con diversidade funcional estudaron ou traballaron durante o ano pasado na Universidade de Vigo, que este venres reforza o seu compromiso coa diversidade co gallo da celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade. "A UVigo celebra a diversidade. [+info.](#)



Julio Abalde, Antonio López e Manuel Reigosa (Foto: USC)

AS UNIVERSIDADES GALEGAS ASINAN O CONVENIO PARA A CREACIÓN DO CENTRO DE INVESTIGACIÓN DAS PAISAXES ATLÁNTICAS CULTURAIAS

DUVI 07/12/2021

Os reitores da USC, Antonio López Díaz; da UVigo, Manuel Reigosa e da UDC, Julio Abalde, asinaron este martes, no Edificio Fontán da Cidade da Cultura, o convenio de colaboración polo que as tres universidades galegas crean o Centro de Investigación das Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC). O novo centro de investigación é resultado dun achegamento entre grupos de investigación de distintas disciplinas das Ciencias Sociais e as Humanidades. [+info.](#)



Un artigo publicado en 'Sensors' fai balance dun estudo piloto que confirma a súa viabilidade

O GRUPO HEALTHYFIT CONSTATA AS POSIBILIDADES DA REALIDADE VIRTUAL COMO FERRAMENTA TERAPÉUTICA PARA PERSOAS CON PÁRKINSON

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 07/12/2021

Comprobar se sería factible, seguro e beneficioso empregar xogos de realidade virtual total ou inmersiva como unha ferramenta terapéutica con pacientes de Párkinson era o obxectivo central dun estudo piloto que o grupo de investigación HealthyFit levou a cabo coa colaboración da asociación Párkinson Vigo. [+info.](#)



Imaxe dunha das parcelas de A Limia onde se realizan estudos de campo

O PROXECTO EUROPEO SOILDIVERAGRO CREA UNHA REDE PARA ACHEGAR AOS AGRICULTORES OS SEUS AVANCES EN TÉCNICAS DE CULTIVO SOSTIBLES

DUVI OURENSE 09/12/2021

No ano 2019 botou a andar o proxecto europeo [SoildiverAgro](#) co obxectivo de avanzar na adopción de novas prácticas e sistemas de cultivos que melloren a biodiversidade do solo. Nel, 22 socios, liderados pola Universidade de Vigo, están a analizar 90 sistemas agrícolas en nove rexións europeas. Cos primeiros estudos de campo xa realizados, o proxecto pon en marcha unha rede para achegar aos agricultores os seus avances en técnicas de cultivo sostibles e implicalos no seu uso. [+info.](#)



Carmela Silva e Manuel Reigosa

INVESTIGADORES DA UVIGO ESTUDARÁN A PRESENZA DE MICROPLÁSTICOS EN MACROINVERTEBRADOS NOS RÍOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

M^a DEL CARMEN ECHEVARRÍA FIGUEROA DUVI 09/12/2021

20.000 euros achegará a Deputación de Pontevedra para a realización, por parte de persoal investigador da UVigo, dun estudo sobre as implicacións medioambientais e o efecto ecotoxicolóxico dos microplásticos nas comunidades de macroinvertebrados en ríos da provincia de Pontevedra. [+info](#).

O CAMPUS SÚMASE Á CAMPAÑA SOLIDARIA 'CADA NENO, UN XOGUETE'

M. DEL RÍO DUVI 09/12/2021

Por noveno ano consecutivo e coa chegada do Nadal, a Universidade de Vigo súmase á campaña *Cada neno, un xoguete*, un proxecto ideado pola Asociación STOP que anima á poboación viguesa a doar xoguetes para que as rapazas e rapaces en circunstancias económicas complicadas non queden sen agasallos nestas datas. [+info](#).



María Lameiras é a responsable da iniciativa

O GRUPO DE CRECEMENTO PERSOAL E EMPODERAMENTO PARA MULLERES REMATA A SÚA ACTIVIDADE CO COMPROMISO DE VOLVER O VINDEIRO CURSO

DUVI OURENSE 13/12/2021

Entre as novidades da programación deste primeiro cuadrimestre de obradoiros de extensión universitaria do campus de Ourense estivo a posta en marcha dun Grupo de Crecemento Persoal e Empoderamento para Mulleres. Nel, dez mulleres, de idades e perfís moi diversos, fixeron un percorrido ao longo das súas biografías persoais desde unha perspectiva de xénero co obxectivo de mellorar o seu benestar. [+info](#).

Decembro 2021.



María Lameiras é a responsable da iniciativa

OS PREMIOS SOFÍA NOVOA RECOÑECEN A INTEGRACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS TRABALLOS DE CINCO EGRESADAS

DUVI PONTEVEDRA 21/12/2021

Pór en valor a inclusión da perspectiva de xénero nos traballos de fin de grao e mestrado realizados polo alumnado da Universidade de Vigo é o obxectivo dos Premios Sofía Novoa, impulsados pola Deputación de Pontevedra, que este martes fixo público o fallo da súa sexta edición. [+info](#).



Manuel Reigosa, Antonio López, Angeles Vázquez, Julio Abalde e José María Barja

GALICIA CONTARÁ O VINDEIRO ANO CUN INFORME SOBRE A INCIDENCIA DO CAMBIO CLIMÁTICO NA COSTA GALEGA

DUVI 27/12/2021

As tres universidades galegas e a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia colaborarán na realización dun estudo sobre a incidencia do cambio climático na costa de Galicia, que incluírá as tarefas necesarias para completar o actual visor cartográfico que achega información sobre dúas variables: os riscos de inundacións e os da suba do nivel do mar. [+info](#).



O estudo desenvolveuse o abeiro da Cátedra Feminismos 4.0

POLÍTICAS E XORNALISTAS SOFREN EN TWITTER “ATAQUES MÁIS PERSOAIS E VIRULENTOS” QUE OS SEUS HOMÓLOGOS VARÓNS

EDUARDO MUÑIZ DUVI PONTEVEDRA 22/12/2021

“A política e o xornalismo son profesións xeradoras de odio *online*, mais con diferencias salientables en canto a xénero”. Esta é unha das principais conclusións do estudo que o profesor da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación Xabier Martínez Rolán e a docente da Universidade da Coruña Teresa Piñeiro desenvolveron, xunto con investigadoras das universidades Complutense de Madrid e Oberta de Catalunya, no marco da [Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo](#). [+info](#).

Catalunya, no marco da [Cátedra Feminismos 4.0 Depo-UVigo](#). [+info](#).

UNIVERSIDADE DE VIGO

5

Unidade de Análisis e Programas.

Edificio Filomena Dato.

Planta Baixa.

36310 Vigo (Pontevedra)

986.818.689 986.818.640